



CONCELLO DE CHANTADA

Proposta de Alcaldía

Expediente Nº: 460/2018

Asunto: Proposta de aprobación da Conta Xeral do exercicio 2017.

PROPOSTA AO PLENO

Vista a Conta Xeral do exercicio 2017 do Concello de Chantada, xunto coa documentación anexa a mesma, segundo a lexislación vixente.

Vista a proposta da intervención municipal en relación a aprobación da Conta Xeral 2017.

Visto que con posterioridade, a Comisión Especial de Contas do Concello en sesión celebrada en data 15 de maio de 2018 emitiu o correspondente informe preceptivo en relación a Conta Xeral do 2017.

Visto que mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 116 de data 23 de maio de 2018, xunto co informe de dita comisión, foron expostos ao público durante un prazo de quince días , durante os cales, e oito mais , os interesados puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Visto que de conformidade coa certificación librada pola Secretaria xeral da corporación, durante dito prazo de exposición ao público de dita conta, non se presentaron reclamacións.

Visto o Informe-Proposta da Interventora municipal, da aprobación da Conta Xeral do exercicio 2017 polo Pleno da Corporación antes do 1 de outubro do exercicio corrente, ea súa remisión ao Tribunal de Contas, antes do 15 de outubro do exercicio corrente.

Pola presente propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2017.

SEGUNDO.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto coa documentación ca integra, ao Tribunal de Contas, tal e como establece o artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, e demás normativa concordante, ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

En Chantada, a data de asina do documento electrónico en 2018,

O ALCALDE ,

A/ Manuel L. Varela Rodriguez

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 concello@concellodechantada.org